

Contra a violencia machista

UNIDADE DIDÁCTICA para traballar
nas aulas de **PRIMARIA** o **25N**



Introdución

As violencias e desigualdades de sexo-xénero exprésanse de diferentes maneiras en varios espazos. Son formas de opresións derivadas das relacións do sistema sexo-xénero. Historicamente, este sistema estableceu relacións de poder desiguais entre mulleres e homes na nosa sociedade, levando as mulleres a unha situación de subordinación respecto ao sexo-xénero masculino.

Desta forma, as violencias de xénero aséntanse en pautas culturais, nos costumes e nas tradicións que aprendemos desde que nacemos. O que fai desta problemática unha cuestión de todas as persoas e ser tratada en todas as idades.

O ámbito educativo non está exento destas violencias. Alí tamén atopamos xogos que reproducen estereotipos, linguaxes e condutas sexistas que reproducen e cimentan as desigualdades do sistema sexo-xénero. Este tipo de prácticas favorece a existencia de desigualdades, de violencias machistas e moitas inxustizas.

Por outra banda, os centros educativos tamén poden ser un espazo estratéxico para a prevención das violencias, xa que é un lugar de referencia para traballar pautas que contribúan á construción de sociedades máis xustas. Ou sexa, é un lugar de reflexión, construción de coñecementos e de desenvolvemento de diferentes habilidades



fundamentais para facer posíbel novas formas de relacionarnos.

Ante tal desafío, esta unidade didáctica busca ser un apoio para quen quere facer das súas aulas un espazo de prevención e libre das violencias de xénero. As propostas que seguen están descritas de forma que o/a docente poida adaptala segundo o grupo co que vaia traballar.

Cada dinámica contén unha pequena introdución que aborda un pouco o tema que vai ser traballado. A continuación conta cuns obxectivos específicos, os materiais necesarios, o seu “paso a paso” e por último, algúns puntos a ter en conta no momento da dinamización. Ao final desta unidade hai tamén un glosario, para axudar a clarificar determinados conceptos. Son importantes para introducilos nas análises e reflexións que se fagan.

Obxectivos

- ▷ Reflexionar sobre as violencias de xénero.
- ▷ Promover espazos sen violencias.
- ▷ Entender as causas e a estrutura que sustenta as violencias de sexo-xénero.
- ▷ Cuestionar os estereotipos de sexo-xénero.
- ▷ Prover ferramentas para o desenvolvementos de habilidades e condutas de bo trato.

Metodoloxía

A proposta metodolóxica é participativa e dinámica, empregando actividades que fomenten a reflexión, o diálogo e a construción colectiva de alternativas, para pór en valor as experiencias e coñecementos das crianzas.

Partimos da idea de que as vivencias e coñecementos das crianzas conforman un caldo de cultivo importante para debater e entender as problemáticas tratadas. Ademais, o interese dos suxeitos aumentan cando tratamos a violencia de xénero como unha problemática que fai parte da súa vida e do seu medio. En consecuencia, a busca de alternativas é moito máis eficiente e coherente coa realidade.

Introducir este tipo de temas nas aulas non é fácil, pero son necesarios e di moito sobre os valores e actitudes que queremos promover co noso alumnado. Así, paga a pena tentar algúns aspectos que marquen a diferenza no proceso de formación.

Un dos aspectos fundamentais é abordar o xénero dunha forma transversal. O coñecemento e os materiais de ensino teñen unha perspectiva antropocéntrica e con nesgo de xénero, estes son transmitidos como unha historia única e unha verdade absoluta, invisibilizando outras historias, realidades e coñecementos de colectivos minorizados, como é o caso das mulleres.

Esas ideas tradúcense nunha identidade normativa, en estándares e modelos de comportamentos que reforzan a construción de desigualdade entre as persoas. Por iso, interesa estimular o cuestionamento deses modelos e como son reproducidos para desfacer o imaxinario heteropatriarcal que divide a nosa sociedade en dous mundos: o mundo dos homes - masculino e outro das mulleres-feminino.

Sobre eles establécese que determinadas características fisiolóxicas do corpo das persoas, como os xenitais, deben coincidir coa identidade sexual e a orientación sexual, que tamén están divididas en estas dúas partes, e que son tratadas como opostas e complementarias á vez.

Para o profesorado que traballe con estas actividades faise fundamental ter en conta algúns aspectos básicos, antes de comezar a introducir os temas na clase. Un deles é ter claro o porqué,

os obxectivos destes temas e a súa importancia. Outro é que papel xoga como dinamizador/a. Neste punto, alertamos sobre algúns puntos:

- **Ter sensibilidade para abordar este tema.** A violencia e as relacións de sexo-xénero teñen fortes compoñente relacionais e vivenciais, podendo espertar emocións e facer que as persoas se sintan máis susceptíbeis.
- **Proporcionar un espazo inclusivo e seguro para o debate.** Iso implica coidar que todas as persoas se sintan escoitadas. Que a súa palabra e ideas valen.
- **Ter unha linguaxe inclusiva.** Utilizar unha linguaxe próxima e inclusiva, equilibrando o uso de femininos e masculinos.
- **Escoitar todas as opinións.** É fundamental para o bo desenvolvemento de calquera actividade.
- **Tratar a violencia de xénero como é, unha consecuencia do sistema social que a sustenta e a reproduce.** Hai diversas formas de expresión das violencias de xénero, os asasinatos son só a punta máis alta do iceberg. Para mitigar os asasinatos, hai que traballar sobre a súa base.
- **Evitar a (re)vitimización.** As mulleres en situación de violencia fan por sobrevivir. Hai moitos factores que inflúen para que esta situación exista. Ser consciente das violencias invisíbeis é o primeiro paso para previr e comezar un proceso activo.
- **Non naturalizar estereotipos.** Un dos traballos previos é repensar prexuízos e estereotipos que temos interiorizados e reproducimos sen darnos conta, pero que os expresamos e móstranse contraditorios co noso discurso.
- **Visibilizar a realidade e as achegas doutros colectivos.** Dado que as relacións sexo-xénero tamén están atravesadas por outras desigualdades sociais.
- **Rexeitar todo tipo de violencia. Incluída a homolebóbifobia.**

Actividade 1. Termómetro de xénero

Introdución

En moitas ocasións pensamos que os imaxinarios machistas e sexistas xa están superados, polo que saltamos pasos no proceso de educación para a igualdade, dando por feito temas sinxelos e pasando a cuestións máis complexas. As consecuencias diso poden ser o mal entendemento de conceptos e a reprodución de desigualdades con base no sistema tradicional de sexo-xénero. Algunhas veces por medio de formas evidentes, as que son obxecto de rexeitamento máis cotiás. Outras, son máis sutís ou indirectas, das que en moitos casos non nos damos conta.

Algunhas desas formas sutís son as ordes, os mitos e as frases feitas e simplistas. Van callando no noso subconsciente e nas nosas actitudes (hai que prestar atención tamén a esas formas). Algunha delas, son frases do noso mundo cotiá ou veñen dadas en espazos feministas e de co-educación como politicamente incorrectas.

Que pensan as crianzas sobre elas? Por que reproducen certas frases? Ou por que as rexeitan, aínda que as súas actitudes na aula e no patio sexan outras? Pensar xunto co alumnado sobre estas frases promove unha reflexión crítica sobre a sociedade e determinadas situacións que ocorren no noso día a día.

Este xogo é unha estratexia na que o alumnado fala de forma máis aberta sobre o que pensa, abrindo debate cos seus iguais. Cada persoa, desde a máis faladeira ata a máis tímida, é chamada a expresarse e a pensar sobre por que toma esta decisión.

Posicionándose o alumnado pensa sobre os conceptos e os exprésaos, así como o que sente e o que ocorre no seu medio. Esta relación de ideas favorece unha visión máis crítica do alumnado sobre a súa realidade. Tamén favorece a asunción de responsabilidades sobre as súas actitudes. Un paso importante na loita contra a violencia de sexo-xénero.

Obxectivos

- Identificar os estereotipos de xénero.
- Explorar os coñecementos do grupo sobre as desigualdade de xénero.



- Fomentar a reflexión crítica sobre os roles de xénero.
- Reflexionar sobre coñecementos previos adecuados así como desfacer mitos e ideas sexistas que poida ter o alumnado.

Materiais: ningún.

Paso a paso

1. Antes de comenzo a actividade explícanse ben as regras, dicindo que a primeira será de proba para logo non ter confusións para que non ter dúbidas posteriores para que non haxa dúbidas posteriores.
2. Dividiremos o espazo aula en 3 zonas ben diferenciadas que marcaremos con un rótulo que represente as diferentes posturas.
3. Presentaranse afirmacións, sobre as cales cada persoa terá que manifestar a súa postura sexa “a favor”; “en contra” ou “ non sei/ teño argumentos encontrados/ non teño opinión formada”. Cada persoa debe situarse no lugar da aula que represente a súa opinión, previamente dividida pola persoa dinamizadora.



4. Faremos a primeira frase aparentemente sinxela e pediremos que as persoas participantes se sitúen.
5. Unha vez que todas estean na resposta elixida, escoitamos os motivos para escoller cada afirmación.
6. Cando se estime conveniente, pídesse ao grupo que volva ao centro e enunciámos outra afirmación.
7. A dinámica funciona sempre na seguinte orden (afirmación – posicionamento – argumentación e escoita e reformulación da afirmación).

Afirmacións suxeridas:

1. Só os nenos poden/saben xogar ao fútbol.
2. As nenas que xogan ao fútbol son marimachos.
3. Os rapaces non poden/fan ballet e/ou ximnasia.
4. Os nenos que xogan coas bonecas son maricóns.
5. As nenas choran por todo.
6. Os nenos non saben ser cariñosos, son uns brutos.
7. Os homes poden usar saia e as mulleres pantalón.
8. Os homes traballan máis que as mulleres, porque fan traballos máis pesados.
9. As mulleres fan o traballo da casa e os homes traballan fora.

10. Os homes son mellores que as mulleres.
11. Todas as persoas están contentas co sexo que se lle asignan ao nacer.
12. Homes e mulleres poden enamorarse de quen queiran.
13. Paula e María poden ser noivas.
14. Xosé e Lucas non poden estar namorados.
15. A sexualidade non cambia ao longo da vida.
16. Aínda non hai igualdade entre homes e mulleres.

Puntos a ter en conta

- Para esta dinámica son suficientes 6 afirmacións.
- É preferible non facer afirmacións con dúas negativas, pode dar cabida a dúbidas.
- O debate entre o alumnado é moi importante, pero moitas veces ten dificultade para expresarse.
- É interesante que a persoa docente deixe que o alumnado explique, e logo faga unha aclaración ou un resumo do que quixo dicir. Sempre preguntando ao alumnado se foi o que quixo dicir.
- Para axudar ao debate, o que o modera pode facer preguntas sobre a súa posición, o porqué da decisión do alumnado.
- Pódese dar algún exemplo das situacións.
- Tamén podemos dar a opción de reformular a frase de tal modo que se produza un maior consenso.
- É preferíbel preguntar primeiro a aquel alumnado que escolleu os extremos, tanto dun lado como doutro, co obxectivo de contrastar posicións e clarificar ideas para quen se sitúese no medio.
- Lembramos nesta primeira fase que o alumnado poderá cambiar de posición explicando o porqué.

Actividade 2. O meu corpo, o meu ser

Introdución

Un dos aspectos importantes de traballo na prevención das violencias de xénero é sobre a imaxe que temos de nós mesmas. Desde idades moi novas os valores e modelos de sexo-xénero que nos veñen marcados interfíren sobre a construción da nosa identidade e da nosa auto-imaxe, que inflúe sobre a nosa autoestima.

Tamén pasa polo recoñecemento das demais persoas e do sentimento de pertenza, recoñecemento e de amor, que moito ten que ver cos modelos establecidos de sexo-xénero na nosa sociedade; tendo consecuencias moi duras para aquelas que non encaixan dentro deses parámetros e tamén para aquelas que teñen que manterse dentro dos modelos.

Pese á súa importancia, dedicamos pouca atención á autoestima. Isto dáse porque a relacionamos co “mundo dos sentimentos, das emocións”. Este está dentro do ámbito do privado, da intimidade, do feminino.

Préstaselle importancia no desenvolvemento das persoas, xa que as preparamos para enfrontarse ao espazo público, onde está o “traballo”. Este espazo público baseado na competición non valora os sentimentos. En consecuencia, pouco se fala e pouco desenvolvemos habilidades para lidar con elas. Fai que esquezamos que somos persoas vulnerábeis e interdependentes, que necesitamos estratexias para a xestión emocional e relacional para enfrontar conflitos e tomar decisións colectivamente.

Traballar a autoestima, significa contribuír á que a persoa sexa capaz de cuestionar e actuar certas aptitudes, aínda que o resto das persoas non o fagan. Isto estimula a participación, o cambio de actitudes, a creatividade e o desenvolvemento doutras habilidades.

A partir deste traballo fomentamos o auto-desenvolvemento e autonomía das persoas que son elementos fundamentais para previr e mitigar as violencias de xénero, ao tempo que contribúen coa construción de relacións de bo trato e igualdade entre as persoas.



Obxectivos

- Romper cos estereotipos de xénero do alumnado.
- Contribuír coa melloría da autoestima do alumnado.
- Fomentar o valor á diversidade e o respecto mutuo.

Materiais: papel e pinturas.

Paso a paso

1. A persoa dinamizadora pide que cada participante que debuxo o seu corpo tal e como é. Pode ser vestido ou espido, non importa.
2. Poremos as características persoais, (alegre, tímida/o etc.) e das cousas que lles gusta facer.
3. Pedimos a cada unha que mostre o seu debuxo e fale sobre as súas características. Para este momento é interesante que o grupo estea en círculo, de forma que todo o alumnado poida verse as caras e o debuxo da persoa que se presenta. Ademais, o círculo axuda a que aquelas persoas mais tímidas poidan sentirse cómodas para falar de si mesmas.
4. As presentacións cólganse nun tendal na aula ou péganse facendo un mural. Iso axuda a manter a concentración e a escoita para o alumnado que aínda non falou.

Puntos a ter en conta

- Durante a posta en común, o papel do/a docente é clave para desfacer os roles de xénero que se están sedimentando no alumnado.

- Facer reforzos positivos sobre aqueles aspectos que o alumnado valora como negativos sobre si mesmo ou mesma, sen reproducir as marcas de xénero que colocan nenas e nenos en lugares diferentes. Por exemplo: as nenas bonitas, organizadas e esforzadas; e os nenos, fortes, deportistas, listos.
- Valorar a diversidade de formas, tamaños, aspectos facendo entender que todas e todos somos especiais e que ningún aspecto físico é malo ou feo.
- Pór adxectivos positivos e vantaxes que esas persoas poden ter polo feito de usalos e de ser como son. Así damos elementos para que nenas e nenos se vexan a si mesmas e as de-
mais doutra maneira, evitando a discriminación e formas de violencia.
- É importante prestar atención sobre como o alumnado se percibe con respecto aos estereotipos e roles de xénero.
- Na posta en común tamén pode axudar a que outras compañeiras e outros compañeiros digan cousas positivas sobre a persoa que se presenta.
- Prestar atención á cor da pel, o tamaño e tipo de cabelo, o volume dos corpos, o uso de aparatos que poidan ser foco de discriminación como por exemplo gafas, aparatos nos dentes, cadeiras de rodas etc.

Actividade 3. Colaxe-decuncia

Introdución

Como asociamos un xogo ou un xoguete ao feminino/masculino? Hai xogos neutros? Por que os nenos queren xogar mais aos coches que as nenas? Por que as nenas seguen a pedir as bonecas?

Todo o noso medio emite constantemente afirmacións e divide o que debe ser para nenos/homes e nenas/mulleres. Esta división empeza desde crianzas e unha das formas máis eficientes é por medio dos xogos e xoguetes.

Os xoguetes ensínanos valores, gustos, desexos e promoven o desenvolvemento de diferentes habilidades que tamén están nesgadas polos roles e estereotipos de sexo-xénero da nosa sociedade. Logo, exercen unha forte influencia sobre a nosa propia identidade de sexo-xénero así como nas decisións que tomamos cando somos maiores, como por exemplo, a escolla da profesión.

As empresas de xoguetes e a publicidade son determinantes á hora de construír as imaxes e modelos estereotipados por sexo-xénero, diferenciando xoguetes de acordo cos roles tradicionais da nosa sociedade, aínda a día de hoxe.

Desta maneira, seguen dividindo as súas tendas en seccións feminina e masculina e desenvolvendo campañas publicitarias que diferencian claramente a quen vai destinado o produto segundo o sexo-xénero. Definen os escenarios de interiores para as nenas e exteriores para os nenos; os xogos de acción para os rapaces e de atención e coidado para as rapazas; as cores predominantes seguen a ser o azul para nenos e rosa para as nenas.

Por todo isto é importante que o alumnado, desde moi cedo, tome consciencia das formas polas cales o machismo e o sexismo se utiliza para preservar valores e roles diferenciados e xerárquicos.

Obxectivos

- Sensibilizar sobre a existencia do sexismo presente nos anuncios de xoguetes.



- Facilitar o coñecemento sobre a importancia do xogo e do xoguete no desenvolvemento de diferentes aprendizaxes e habilidades.
- Reflexionar sobre as consecuencias da separación por sexo dos xoguetes.

Materiais

Catálogos de xoguetes, tesoiras, cartolinas, cola, 2 imaxes de publicidade de xoguetes (impresas en grande ou proxectadas).

Paso a paso

1. Introducimos o tema preguntando ao alumnado que xogos son os que máis lles gustan e por que.
2. Facemos unha lista.
3. Proseguiremos con unha chuvia de ideas.
4. Preguntamos se calquera persoa pode xogar a calquera xogo, ou se hai xogos específicos no que só determinadas persoas poden xogar. Podemos preguntar sobre os xogos que o alumnado comentou para concretar o tema.

5. Deixamos un tempo de debate.
6. Proxectamos unha imaxe publicitaria de xoguetes dirixidos ao público feminino e outro para o público masculino.
7. Analizamos:
 - Para quen vai dirixido ese xoguete?
 - Que nos quere dicir esa publicidade?
 - Que proposta de diversión se fai para cada público destinatario?
 - Estamos de acordo con esa proposta? Por que?
 - Que lectura podemos facer sobre esta publicidade e o rol social de mulleres/nenas e homes/nenos?
 - Credes que o que ofrece a publicidade ás crianzas ten que ver cos seus gustos?
 - Credes que esas publicidades poderían ser diferentes?
8. Dividimos a aula en pequenos grupos de 4 ou 5 alumnos e/ou alumnas.
9. Cada grupo observa o catálogo e identifica aqueles xoguetes que non cumpren coa idea de igualdade para xogar. Ou sexa, que teñan características que lles poida levar a pensar que determinadas crianzas non poden xogar, por razón do sexo-xénero asignado a ela.
10. Fan un colaxe-denuncia deses xoguetes identificando cales son as características que os levan a pensar que son discriminatorios por razón de sexo-xénero.
11. Para finalizar, cada grupo presenta o seu colaxe-denuncia poñendo un título de denuncia.

As preguntas motoras para a análise no debate poden ser:

- Existen xoguetes para nenos e para nenas? Como son os seus anuncios?
- Os nenos xogan de forma diferente ás nenas?
- Pensades que a todos os nenos lles gusta xogar ao mesmo?
- Pensades que a todas as nenas lles gusta xogar ao mesmo?
- É posible que un neno poida divertirse con xoguetes “de nenas” e viceversa?
- Que pasa cando isto ocorre?
- Que se pode aprender de cada un dos xoguetes?

Puntos a ter en conta

- A docente debe clarificar ideas do alumnado e cuestionar outras que sexan de raíz sexista. Nestas idades identifican moi ben as diferenzas que a nosa sociedade fai entre o sexo masculino e feminino e as súas consecuencias.
- O debate tamén pode derivar sobre as consecuencias desas diferenzas. Quen dinamiza debe prestar atención ao momento no que isto ocorra e dar o salto para avanzar na reflexión.
- O cambio pode ir polo camiño de identificar as consecuencias nas súas idades (non poder xogar a algo que lle gustaría) ou nun futuro (diferenza sexual do traballo, desigualdades nas profesións...).
- As diferenzas de xogos poden ser por idade e por sexo-xénero asignado. As diferenzas por idade están xustificadas polo desenvolvemento da crianza. Pero cales son as xustificacións da separación por sexo-xénero feminino e masculino? Esta separación parécelles xusta?
- Estas son as claves para provocar o debate entre o alumnado e deconstruír os estereotipos e roles de xénero.

Actividade 4. Dando a volta ao conto

Introdución

A socialización de xénero está reflectida en múltiples detalles da vida cotiá, como son as reaccións diferenciadas das persoas adultas das mesmas condutas das crianzas, a maneira de vestilas, a decoración da súa habitación, os xoguetes e as historias e contos que lles contamos.

Neste sentido, os contos teñen éxito na súa función socializadora dado o seu contexto lúdico no que se presentan. Ademais, o papel dos contos mostra un mundo máxico onde nenas e nenos poden descargar as súas ansiedades, medos reais e expresar sentimentos, o que supón unha grande axuda desde o plano emocional.

O alumnado identifícase con personaxes que escoita, le e nos que cre; con todo que se lles ocorre: os seus soños, problemas e decisións que toma. Desta forma aprende a como xestionar os seus conflitos, tamén aprende que se espera deles e delas, o que é adecuado que digan e fagan de acordo co sexo que se lles asignou.

Igual que noutros ámbitos da nosa sociedade, os estereotipos e roles de sexo-xénero están presentes nos contos, reproducindo valores e modelos de persoas e relacións machistas e violentas. Por todo isto temos que asumir a responsabilidade de transmitir a igualdade ás futuras xeracións tomando conciencia da importancia que ten a lectura e a interpretación da mesma.

Ler e reflexionar sobre os contos é unha parte fundamental para fomentar a liberdade de expresión e de identidade das crianzas, contribuíndo así á construción de relacións máis sas.

No caso da literatura infantil e dos contos podemos encontrar sexismo: por medio das temáticas, dos contidos, nos personaxes, nos diálogos, no uso da linguaxe, nas imaxes, nas ilustracións, entre outras cousas.

Nas análises destes contos desde unha perspectiva de xénero e feminista percíbense con frecuencia as mensaxes estereotipadas de comportamentos que se presupoñen adecuados para mulleres e homes.

Algunhas das claves para unha mirada crítica aos contos:



- O tema dos contos.
- Accións e perfís dos personaxes.
- As tarefas que desempeñan.
- As mensaxes diferenciadas por sexo-xénero.
- O tamaño das figuras masculinas e femininas.
- A colocación espacial.
- Graos de emoción e expresións das figuras.
- As cores.
- A presenza dos personaxes en posicións de poder e de toma de decisións.
- O rol social e económico.
- As conclusións e a moralidade no conto.

Por todo isto, esta actividade pretende dar ferramentas ao alumnado para cuestionar estes contos, crear alternativas a eles e fomentar a súa imaxinación.

Obxectivos

- Favorecer a identificación dos roles de xénero que os contos tradicionais asignan a mulleres e a homes.
- Facilitar que as crianzas reflexionen sobre outros modelos de persoas onde exista máis diversidade.
- Favorecer a análise crítica.

Materiais

Contos tradicionais, imaxes de contos tradicionais, papel, bolígrafos e pinturas.

Paso a paso

1. Introducimos o tema preguntando como son as historias dos contos tradicionais. Podemos poñer algún exemplo ensinando imaxes de princesas Disney ou doutros contos.
2. Escolle un deses contos.
3. Reflexionamos en conxunto sobre:
 - Como é a historia deste conto?
 - Que característica teñen as princesas e as personaxes femininas do conto? Cal é o seu papel no conto?
 - Por que a maior parte dos personaxes femininos teñen as mesmas características?
 - Que características teñen os príncipes e os personaxes masculinos do conto? Cal é o seu papel no conto?
 - Por que a maior parte dos personaxes masculinos teñen as mesmas características?
 - Eses personaxes, podían ter características diferentes?
 - Na maior parte dos contos as personaxes femininas eran máis independentes, aventureiras, curiosas, por que ao final elas acababan por comportarse de maneira estereotipada?
 - Que cambiou na vida do príncipe no final da historia?
 - Cal é a mensaxe que o conto quere transmitir?
1. Dividimos ao alumnado en grupos pequenos e pedimos que creen un conto que non reproduza as mensaxes sexistas ou machistas do(s) conto(s) analizado(s).

Puntos a ter en conta

- Habitualmente os contos tradicionais só ofrecen dous modelos de muller: a boa e a mala. Nestes modelos reflíctense os comportamentos e actitudes que as mulleres deben ter.
 - Se son boas (ser responsable, seguir as regras, ser obediente, esforzada, comprometida, coidadora, sensible etc.), son recompensadas con atopar un príncipe que a salva, ama e protexe para sempre.
 - Se teñen actitudes que non están de acordo con ese modelo (dominadora, toma decisións por si soa, ten poder, non realiza traballos domésticos), esta será mala. As consecuencias para este personaxe son terribles, nos que inclúe estar solteira e ser fea.
- Un dos valores máis importantes difundidos nestes contos para as mulleres é a beleza (delgada, branca, pelos longos etc)
- Incentivan a rivalidade entre as mulleres. Algo que debemos combater potenciando a colaboración, a sororidade e o respecto.
- Sobre as figuras masculinas tamén vemos dúas facetas:
 - A do malo que usa a súa forza animal e superioridade física no exercicio da violencia de maneira descontrolada.
 - E o bo que axuda e salva as pobres e indefensas mulleres; o que traballaba fóra da casa ou non traballa e que grazas a el resolve a situación da protagonista.
- Pode axudar proxectar imaxes deses contos e en conxunto identificar estereotipos, comportamentos e actitudes que se repiten.
- Os contos tamén poden conter ilustracións que expresen valores e características que promovan a igualdade entre as persoas.

Actividade 5. O traballo de cada día

Introdución

A división sexual do traballo é unha das formas na que se expresan as desiguals e xerárquicas relacións de sexo-xénero da nosa sociedade. Ese reparto de tarefas colocan os homes no ámbito dos traballos remunerados (público) e as mulleres nos traballos domésticos e de coidados (no ámbito do privado).

Esta diferenciación limita ou beneficia á hora de desempeñar certas tarefas e ter determinados comportamentos, sen ter en conta as nosas habilidades e preferencias persoais.

O movemento feminista vén denunciando hai séculos as diversas consecuencias desa división sexual do traballo. Entre elas está a desvalorización e invisibilización de todas as actividades/tarefas/traballos relativos á reprodución da vida como os coidados e aquelas realizadas na casa, así como das persoas que as realizan. Estas, habitualmente, son mulleres.

Esta división entre público-privado, produtivo-reprodutivo, extrapólase ao mundo laboral, con profesións máis feminizadas e outras masculinizadas, sendo habitualmente as primeiras as menos valoradas, tanto en status social, como economicamente e en dereitos laborais.

Ademais, dentro das tarefas entendidas como domésticas, establécense repartos entre os sexos, seguindo os roles tradicionais de sexo-xénero; por exemplo, limpar o coche (homes) e limpar o baño (mulleres).

Sobre esta división hai que ter en conta as diferentes valorizacións que facemos sobre estas actividades. Valoramos igual o traballo de arranxar os enchufes e ou de cociñar todos os días? Quen fai habitualmente estes traballos?

Esta división sexual do traballo aprendémola na nosa vida cotiá de diferentes formas e por medio dos axentes socializadores: familia, escola, iguais, medios de comunicación, polas nosas vivencias, por aquilo que observamos no noso medio...

Por todo isto, faise necesario reflexionar e estimular o cambio de actitudes e percepción sobre como as tarefas/traballos/actividades están repartidas no noso entorno. Forma parte deste



proceso a súa posta en valor e estimular que as crianzas as experimente; desenvolvendo así outras habilidades tan necesarias para a construción de sociedades máis xustas.

Obxectivos

- Dar visibilidade ás actividades e labores domésticos e de coidados tradicionalmente asignados ás mulleres.
- Identificar os diferentes roles que cumpren as persoas da nosa familia.
- Promover unha visión crítica sobre a división sexual do traballo.
- Promover o cambio de actitudes do alumnado no referido ao reparto de tarefas e á adquisición de compromisos e responsabilidades no ámbito familiar.

Materiais

Unha ficha para cada alumno/a, bolígrafos.

Paso a paso

1. Introducimos o tema na aula preguntando ao alumnado se hai traballo na casa. Se consideran traballo aquelas actividades realizadas dentro da casa e a razón.

2. Facer unha listaxe colectiva de actividades que se realizan no fogar. Á parte das actividades máis normalizadas para a actividade, poden entrar na lista actividades como “xogar á play”.
3. Facer a listaxe colectiva, podemos preguntar:
 - Pensades que calquera persoa pode realizar estas actividades? De que depende?
 - Pensades que homes e mulleres poden facer as tarefas do fogar?
 - Credes que o reparto das tarefas do fogar é xusto? Por que?
 - Ti colaboras coas tarefas do fogar?
4. Facer a análise: cada alumno/a debe recibir unha folla co cadro proposto abaixo.
5. Convidamos ao alumnado a cubrir os datos da súa familia, apuntando cun X quen realiza as actividades descritas. Ao final da columna de actividades hai espazos en branco, que se poden cubrir con aquelas actividades da listaxe común.
6. Facemos unha pequena posta en común verificando, quen son as persoas escollidas para participar da nosa enquisa.
 - Por que?
 - Quen é a persoa que máis actividades realiza dentro da casa. Son actividades entendidas como de mulleres?
7. Por último, concluír co alumnado, que o reparto das tarefas do fogar fai que a vida de todas as persoas sexa máis agradábel, permitindo así dispoñer de tempo libre dunha forma máis equitativa.
 - Por que pensan que iso ocorre?
 - Parécelles xusto?

Puntos a ter en conta

- É moi importante ter en conta que o termo “familia” engloba diferentes formas, como son as familias monoparentais, a participación das avoas e dos avós, as familias monoparentais etc.
- Á hora de elixir as persoas para o cadro é importante ter en conta as que as coidan e as que son as súas referencias. Estas persoas non son necesariamente o pai e/ou a nai.
- Respectar e incluír as diferenzas de familia que pode ter o alumnado. porén, isto non quere dicir que os roles de xénero desaparezan. É sobre este foco que debemos reflexionar e cuestionar os mandatos de xénero co alumnado.
- É importante diferenciar aquelas actividades de lecer daquelas necesarias para a manutención da casa e das persoas que nela viven.

Actividade 6. Improvisación de contextos

Introdución

Este é un bo xogo para tomar conciencia sobre as actitudes e as formas estereotipadas que vemos e reproducimos habitualmente. Representar de forma improvisada certas situacións, espazos, colectivos sociais, fai que poñamos os estereotipos sobre os mesmos.

Aquilo que está no imaxinario colectivo e que se concreta en expectativas sociais, actitudes, roles que atribuímos a un grupo determinado, como funcionan habitualmente estes espazos, cales son as actividades que se desenvolven, como se fan etc. Todo isto axuda a pensar doutra forma certas actitudes.

Por medio das representacións de situacións cos nosos corpos, conseguimos emitir unha serie de informacións, matices e sensacións que, moitas veces coas palabras, non son suficientes para facerse entender.

As representacións contribúen á concreción de ideas abstractas e á reflexión crítica sobre algo que todas podemos ver e ao que podemos facer referencia. Así somos capaces de reflexionar de forma mais concreta sobre os estereotipos e roles que están no imaxinario do alumnado e poder cuestionalos xunto con elas e eles.

As situacións creadas axúdannos a ver aquilo que moitas veces non sabemos nomear ou non está permitido dicir, pero somos cocientes da súa existencia. Por iso é unha boa ferramenta para falar daquilo que se ve e reflexionar sobre o que pensamos disto. Cando somos capaces de tomar conciencia daquilo que vemos, somos capaces de identificar esas situacións e tomar decisións sobre se queremos reproducir certas actitudes e valores ou non.

Obxectivos

- Favorecer a toma de conciencia sobre os estereotipos de xénero.
- Fomentar a capacidade creativa e a expresión por medio do corpo e non só polas palabras.
- Fomentar a escoita e o diálogo activo entre iguais



Materiais

Tarxetas con descrición dunha situación ou tema.

Paso a paso

1. Explicar que a proposta da dinámica é traballar por medio da representación diversos roles e estereotipos de xénero.
2. Facemos grupos de 5 alumnos e/ou alumnas.
3. En cada rolda un grupo saca unha tarxeta coa descrición que debe representar por medio de mímica e sons (non poden ser palabras).
4. Os integrantes do grupo non poden falar entre si para acordar o que deben facer, pero deben colaborar.
5. Os grupos restantes deben descubrir do que se trata.
6. En cada rolda é importante que se xere unha pequena reflexión sobre o representado, sobre as dificultades e facilidades para representar e descubrir a situación.
7. Destacaremos os diferentes papeis representados, relacionándoos co sexo-xénero, os estereotipos e roles expresados ou non.

Propostas de situacións

- Unha familia.
- Os rapaces do colexio/instituto.
- As rapazas do colexio/instituto.
- O patio do colexio.
- Homes coidando persoas enfermas/ homes limpando os pratos.
- Mulleres enxeñeiras / mulleres traballadoras da construción.
- Homes traballando.
- Mulleres traballando.

Puntos a ter en conta

- Unha das claves para que funcione esa dinámica é facer que o grupo que realice a representación non fale entre el, que fagan o primeiro que lles veña á cabeza e que busquen comunicar sen a necesidade das palabras.
- O grupo debe improvisar rapidamente, podendo cambiar en todo momento os seus xestos e sons. Isto contribúe a aumentar a capacidade de escoita dos compañeiros e das compañeiras por medio da observación e interpretación da información que está sendo producida.
- Activar a creatividade e reflexión sobre a mensaxe elaborada por medio do seu corpo.
- O alumnado tamén debe atender as respostas que os grupos están dando ao intentar descubrir o que están representando.
- Para activar o debate a persoa dinamizadora debe facer preguntas comezando polo máis sinxelo: a identificación do que pasou. Logo seguiremos coas máis complexas:
 - Que quixo representar cada persoa?
 - Que sexo tiña esta persoa? Por que?
 - Foi fácil ver a unha muller facendo esta tarefa? Por que?
 - Por que non pensamos que fora un home?
 - Que nos fixo pensar que fose un home e non unha muller?
 - É habitual ver homes/mulleres facendo estas tarefas? Parécenos xusto? Por que ocorre?
- Activar o debate por medio de preguntas fomenta o pensamento crítico e o diálogo entre iguais.
- Incluír información sobre os diferentes conceptos. dar exemplos claros sobre estes é importante para que o alumnado poida ter máis información e construír un pensamento máis complexo e crítico sobre o tema proposto.
- Cómpre que a persoa dinamizadora presente e pregunte sobre as consecuencias que teñen as desigualdades de sexo-xénero identificadas por eles e por elas e se lles parece xusto que isto exista. Desta maneira, fomentamos a reflexión sobre valores e costumes enraizados na sociedade, incentivando a produción de cambios de actitudes e a implicación por parte do alumnado.

Actividade 7. Bo trato vs. maltrato

Introdución

Cada día somos bombardeadas con imaxes, comportamentos e linguaxes que nos transmiten actitudes de maltrato, violencia, agresións, engano, desigualdades e inxustizas, sen mostrar alternativas a elas. Incorporamos estas actitudes de maneira naturalizada como se fose o único comportamento posíbel, aínda que, en moitos casos, pensemos que non está ben.

Diferentes axentes de socialización coma os contos, a televisión, os videoxogos, as películas, o teatro, os xoguetes, a familia, a escola etc., estannos ensinando modelos de relacións de maltrato revestidas con imaxes de bo trato.

Este é o caso das relacións afectivo-sexuais, os mitos do amor romántico, heteronormativo, pero non só. Tamén temos as relacións familiares, de traballo e incluso de amizade nas que prevalecen relacións de submisión, xerarquía e imposición das vontades duns sobre outros.

A naturalización do maltrato é unha das grandes dificultades para combater as violencias de xénero, porque non ofusca ou oculta a identificación de actitudes e formas de violencia. Se non somos capaces de ver, dificilmente seremos capaces de saír desas situacións e de cambiar as nosas actitudes opresoras, de concesión e de tolerancia para co maltrato.

Outra consecuencia desa naturalización é a falta de alternativas ás relacións de maltrato. É difícil encontrar referencias de actitudes de bo trato nas relacións entre as persoas onde o diálogo, a negociación, o respecto, a escoita, o recoñecemento, o consenso sexan estratexias para enfrontar os problemas. Todo isto fai difícil soste espazos libres de violencia, isto debe ser un proceso.

Neste sentido, o traballo en grupo e a teatralización da situación promoven o desenvolvemento da creatividade de forma colectiva, estimulando o exercicio da escoita activa e da negociación que son fundamentais para a promoción de actitudes de bo trato e relacións máis igualitarias.



Obxectivos

- Detectar actitudes e situacións de maltrato.
- Favorecer relacións desexables entre iguais.
- Fomentar o cambio de actitudes violentas e de maltratos polo de bo trato.

Materiais: non son precisos.

Paso a paso

1. Comezamos a actividade preguntando ao grupo o que sabe sobre o maltrato e que é.
2. Facemos unha chuva de ideas.
3. Facer o mesmo co bo trato.
4. Cada crianza apunta nun papel unha situación de maltrato que coñeza.
5. Logo, formamos 4/5 grupos entre o alumnado.
6. Cada alumno/a debe explicar rapidamente a situación na que pensou e entre o grupo escollerán unha, a que lles pareza máis común/habitual que ocorra.
7. Preparan unha pequena representación desa situación.
8. Despois, preparan a mesma situación, mais desta volta representando a situación de bo trato. É dicir, como sería esa mesma situación se no lugar de existir maltrato houbera bo trato, ou sexa, a situación ideal.

9. Cando todos os grupos rematen a súa representación, un a un presenta a súa obra: primeiro a do maltrato, na que o público tentará identificar cal é a situación de maltrato. Neste momento, o grupo de actrices e actores deben só escoitar. Non poden dicir o que quixeron representar.
 10. Despois da identificación da situación de maltrato o grupo presentador poderá explicarse.
 11. Representan a obra na que ocorre o bo trato.
 12. Despois da representación, o público valora se esta é unha situación de bo trato e habería outras formas de facer esa representación para existir bo trato.
 13. E así sucesivamente con cada grupo.
- No momento do debate indagar de forma máis eficiente sobre as situacións e deste xeito poder avanzar no debate sobre as consecuencias dos maltratos relacionados co sexo-xénero.
 - Temos que ter coidado coa existencia de falsas premisas como a idea de que “a violencia de xénero dáse tanto nos homes contra as mulleres”, “coma de mulleres contra os homes”. E de que a primeira a máis coñecida dado que é a máis falada nos medios de comunicación.
 - Hai que estar atenta a ese discurso. Cando falamos de violencia de xénero estamos a tratar con estruturas de poder que colocan as mulleres nunha situación de submisión con respecto aos homes. Neste sentido, é importante aclarar as consecuencias diferenciadas para homes e mulleres xeradas a partir das desigualdades de xénero. Este é o centro motor das violencias de xénero.
 - Cando falamos de bo trato e maltrato hai que ter en conta os roles diferenciados e as desigualdades de sexo-xénero para poder comprender as consecuencias e o motivo polo que ocorren na súa gran maioría dos homes sobre as mulleres.
 - Nestas idades é importante fomentar o desenvolvemento de actitudes de bo trato e a identificación de situacións de maltrato como noxentas.

Puntos a ter en conta

- Esta actividade trata de pór en evidencia actitudes que o alumnado identifica por maltrato e bo trato relacionadas coas desigualdades de sexo-xénero.
- É importante que o alumnado xa teña traballado un pouco sobre o que son as desigualdades de sexo-xénero (os estereotipos, roles etc.)
- É interesante que a persoa dinamizadora acompañe os debates nos grupos para clarificar ideas e anticiparse sobre os temas e ámbitos nos que o alumnado localiza a existencia de maltrato (na casa, no colexio, na rúa, na aula, no patio).

Actividade 8. Outro patio é posible

Mitigar as violencias de xénero pasa por percibir e evidenciar as relacións inxustas entre os sexo-xénero. Un dos seus eixos fundamentais é a separación entre o público e o privado, xa que, identifícase o sexo-xénero home/masculino co ámbito do público e a muller/feminino no ámbito do privado.

Estes ámbitos teñen funcións sociais claramente definidas, aínda que sexa difícil localizalas de maneira estática nun espazo concreto. A liña que separa estes ámbitos é fina, tenue e cambiante, adaptándose a cada situación e contexto.

Os patios dos colexios e institutos son espazos nos que a división destes ámbitos se observa de maneira clara, seguindo as normas do sistema sexo-xénero. Malia algúns conflitos, este reparto está moi normalizado, por exemplo: admítese que o centro estea continuamente ocupado polo fútbol, un deporte bastante masculinizado e que ademais ocupa gran parte deste territorio.

Os espazos restantes, son ocupados por aquel alumnado (nenos e nenas) que non son parte do xogo central do patio. A que xogan? Diversos son os xogos, grupos e xeitos de relacionarse e pasar o tempo do recreo. Estes xogos non se nomean, non son moi importantes e son pouco valorados. Deben adaptarse ás condicións impostas polo xogo do fútbol, incluídos os perigos que xera. Quen ocupa habitualmente estes espazos e xogan a estes xogos? Que se di dos rapaces que habitualmente non xogan ao fútbol? Que pasa coas rapazas que si queren xogar ao fútbol?

Este reparto do espazo tamén é unha das formas polas cales aprendemos os roles e ámbitos nos que debemos movernos a partir do sexo-xénero asignado. Nesta división espacial tamén debemos desenvolver diferentes habilidades por medio da ocupación e xestión do espazo, dos xogos que practicamos e das relacións que establecemos co resto de compañeiros e compañeiras. Polo tanto, é un terreo fértil para traballar as desigualdades relacionadas co sistema sexo-xénero a partir de situacións que están a vivir.

Moitas veces os conflitos existentes dentro destes espazos, responden a tentativas de rom-



per cos roles de sexo-xénero. Pero en moitas ocasións, as estruturas de poder establecidas na nosa sociedade fai que minimicemos e invisibilicemos estes conflitos. Polo tanto, esta proposta tamén é unha oportunidade para poñer en evidencia estes conflitos, visibilizalos e tentar resolvelos.

Obxectivos

- Identificar as desigualdades no uso do espazo común.
- Detectar situación e actitudes desiguais con base no sistema sexo-xénero.
- Favorecer relacións de bo trato entre iguais.
- Favorecer a resolución de conflitos por medio do diálogo.

Materiais: follos grandes, pinturas.

Paso a paso

1. Dividimos a aula en pequenos grupos.
2. Damos a cada grupo os materiais necesarios para a realización da actividade.
3. Pedimos que cada grupo “
4. Debuxe o patio e como está ocupado durante o recreo.
5. Podemos facer unha serie de cuestións para orientalas crianzas:
 - Cales son os xogos?

- Onde se xogan estes xogos?
 - Quen xoga a estes xogos?
 - E quen non xoga, que fai?
 - Quen son estas persoas?
 - Por que non xogan?
6. Despois de debuxalo, preséntanse os debuxos a toda a clase.
 7. Faise unha posta en común. As preguntas clave poden ser:
 - Cales son as similitudes e diferenzas que vemos nos debuxos?
 - Por que o patio está dividido desta maneira?
 - Onde están as nenas? Onde están os nenos? Por que?
 - Gústavos como está repartido? Parécevos xusto? Por que? Como vos gustaría que fose?
 8. A partir desta última pregunta cada grupo vai pensar e debuxar como sería este novo patio.

Puntos a ter en conta

- Nesta dinámica é común que o debate sexa moi excitado, dado que estamos a debater sobre o día a día do alumnado e das súas relacións, polo tanto é fundamental atender a todas as opinións e buscar clarificar puntos de vistas que poidan existir.
- As estruturas espaciais exercen moita influencia sobre as experiencias e habilidades que desenvolvemos. O que está no centro é habitualmente o máis importante, a referencia, o modelo.
- Neste xogo trabállase reflexionando sobre o que está no centro, o que está no noso foco de atención, do que é máis visible, ao tempo que busca dar visibilidade ao que ocupa o espazo da periferia, é dicir, do marxinal.
- Cando unha persoa non cumpre cos roles asignados ao sexo que se lle ten asignado pode sufrir unha serie de consecuencias desagradábeis e incluso de acoso. É importante atendelas, xa que, os xogos e os espazos tamén marxinalizan, discriminan e exercen violencia sobre identidades disidentes, gustos e resistencias aos modelos establecidos.
- Lembra que pode ser un bo momento para cambiar os roles e valorizar outros que non se teñen en conta ou pasan desapercibidos.

Glosario

Feminismos: Movements teórico, social e político que buscan, desde diferentes formas, rachar coas desigualdades e as inxustizas relacionadas co sistema sexo-xénero. Noutras palabras, busca a igualdade entre as persoas, o que supón unha toma de conciencia colectiva e a súa mobilización para transformar a sociedade.

Sexo: Habitualmente fai alusión á herdanza xenética que forman as persoas con certas anatomías e aspectos, dividíndonos unha vez máis en dúas opcións, home e muller. Na actualidade, esta perspectiva sobre o sexo está sendo rebatida, xa que non é posible afirmar que o sexo exista separado da cultura. Ademais, hai constancias de que hai diferentes culturas nas que non existen só dous sexos.

Xénero: Termo utilizado para delimitar o que entendemos por masculino e feminino. É a construción cultural que fai unha sociedade nun momento histórico e cultural determinado a partir das diferenzas coñecidas como sexo, que no noso caso se dividen en dous.

Identidade de xénero: A identificación co sexo asignado no nacemento e que confronta co que se espera socialmente, tipicamente dentro de dúas opcións: muller e home. Se a persoa non se identifica co sexo asignado, será “trans” e se se identifica co sexo asignado, esta persoa será “cis”.

Transexual: Termo de orixe médica que diagnosticaba un comportamento de xénero atípico. Hoxe úsase para referirse ás persoas que se desmarcan do xénero que se lles asignou ao nacer. Son persoas que cruzan as fronteiras que son construídas pola súa cultura para definir os patróns que son propios para os homes ou para as mulleres. Como identidade, engloba unha heteroxeneidade de experiencias de persoas transexuais, transxéneros, e outros termos que sinalan a transgresión das normas de xénero binarias.

Estereotipos de xénero: Estereotipos que crean expectativas sociais, actitudes, roles que atribuímos a un grupo determinado, neste caso, ao colectivo de homes e de mulleres.

Roles de xénero: Construcións culturais da nosa sociedade que esperan das persoas certos comportamentos. Non todas as culturas perciben os mesmos roles de xénero, nin son necesariamente fixos, nin están ligados a lóxica binaria (muller/home). Nas sociedades occidentais, asignan aos homes a masculinidade e ás mulleres a feminidade.

Heterosexismo: Asumir a heterosexualidade como a orientación social maioritaria e normalizada. É o motor da transfobia e da homofobia, onde o castigo á transgresión dos roles de xénero tradicionais forman parte inherente da aprendizaxe social.

Sexismo: Expresión da discriminación baseada no sexo, caracterizada por diferenzas e por un trato desigual entre homes e mulleres, pero, especialmente, pola supeditación dun sexo sobre o outro. Dada a nosa estrutura de sexo-xénero, o sexismo que se dá é do sexismo masculino sobre o feminino. Esta xerarquización, baseada no poder, é unha característica de calquera práctica discriminatoria.

Anexos

Actividade 5. O traballo de cada día

FICHA 1

Actividades	EU	Persoa 1 . NOME:	Persoa 2. NOME:	Persoa 3 . NOME:
Pasar o ferro				
Fregar o chan				
Facer as camas				
Cociñar pola semana				
Cociñar as fins de semana				
Limpar o coche				
Reparar un enchufe				
Facer a compra				
Sacar o lixo				
Pasar a vasoira				
Coidar das crianzas				
Coidar das persoas maiores				
Coidar a mascota				
Lavar a roupa				
Fregar os pratos				
Acompañarte á medica/ao médico				
Mediar en conflitos				
Limpar os baños				

Autoría

Unidade didáctica realizada por REBECA RASO PRAZERES

